




www.usc.gal/gl/estudos/gaos/artes-humanidades/grao-lingua-literatura-espanolas



Grao en Lingua e Literatura Espanólas



www.usc.gal



Lingua e Literatura Españolas

O grao de Lingua e Literatura Españolas é unha titulación científica e humanística que ten como obxectivo principal o estudo da lingua española en todas as súas dimensións e variedades, así como o estudo da produción literaria española e hispanoamericana. Ao longo dos catro cursos da titulación abórdase a análise lingüística do español e a análise dos procesos de creación e recepción literarios, así como da súa contribución social dentro da Historia da Cultura.

Tipo Presencial

Área Artes e Humanidades

Centro Facultade de Filoloxía
Avda. de Castelao, s/n
15782 Santiago de Compostela
filoloxia.decanato@usc.gal

Campus Santiago de Compostela

+info www.usc.gal/gl/estudos/graos/artes-humanidades/grao-lingua-literatura-espanolas

Presentación

Interuniversitario: Non

Duración: 4

Número de prazas: 50

Data de inicio: Setembro

Plan de estudos

A titulación está distribuída en catro cursos, cun total de 240 créditos, que están formados por 60 créditos de formación básica, 120 créditos obrigatorios, 24 créditos do módulo complementario, 24 créditos do módulo optativo e 12 créditos do traballo in de grao.

Mobilidade e prácticas

Queres vivir unha experiencia única e enriquecedora?

Terás a oportunidade de realizar mobilidades tanto nacionais (SICUE), como europeas (ERASMUS+) e extracomunitarias (con distintos convenios bilaterais). Poderás descubrir outras culturas e estilos de vida, outra xente e outros sistemas de ensino superior. Mellorarás o dominio de linguas estranxeiras, desenvolverás habilidades interculturais e incrementarás as posibilidades laborais e profesionais do teu futuro. Vivirás unha experiencia moi enriquecedora tanto a nivel académico como persoal.

Queres prepararte para o mundo laboral?

Se o desexas, poderás facer prácticas relacionadas co teu título en distintas empresas e entidades e conseguir 6 créditos optativos. As prácticas son unha oportunidade fantástica para poñer en práctica a túa aprendizaxe, experimentar novas realidades laborais, adquirir experiencia profesional e coñecer algo do mundo laboral mentres estudas. Cada ano, a Facultade publica dúas convocatorias cunha oferta moi ampla e variada.

Información complementaria

O núcleo da titulación está constituído polo Maior en Lingua e Literatura Españolas, que está formado por 20 materias de 6 créditos agrupadas nos seguintes módulos:

- Lingua española
- Historia da lingua española
- Literatura española clásica e os seus fundamentos
- Literatura española contemporánea e os seus fundamentos
- Literatura hispanoamericana

Por outra parte, o Módulo de Formación Básica, ademais de homoxeneizar o nivel inicial de lingua española e de proporcionar unha formación básica nunha segunda e nunha terceira lingua, está concibido para proporcionar os coñecementos e as ferramentas metodolóxicas necesarios para abordar, en xeral, o estudo das linguas e das literaturas.

Finalmente, a través dos Módulos Complementario e Optativo o estudantado poderá adquirir unha formación de nivel básico ou medio nunha segunda e mesmo nunha terceira lingua e a súa literatura, en Lingüística Xeral, en Teoría da Literatura ou en Filoloxía Románica, ou ben combinar a formación inicial nunha destas disciplinas coa profundización nos contidos estudados no Maior.

